

Procedementos de tradución de locucións adverbiais no rexistro coloquial (italiano, alemán, español): estudo dun caso

Translation procedures of adverbial idioms in colloquial language (Italian, German and Spanish): A case study

Jorge Leiva Rojo¹
Universidad de Málaga
leiva@uma.es

Resumo: Nos últimos anos xurdiron diversos traballos nos que se tratan os procedementos que son de aplicación para a tradución de unidades fraseolóxicas. Na maioría destes traballos, o compoñente coloquial ou está ausente ou non recibe o tratamento que pensamos que merece. Un dos obxectivos do presente artigo é estudar a forma en que se traducen as unidades fraseolóxicas, en concreto as locucións adverbiais, nun texto de carácter coloquial. Para iso, fundaméntase este traballo na análise de todas as locucións adverbiais presentes no TO, a novela italiana *Mai sentita così bene*, e a forma na que abordan a súa tradución os tradutores de tal texto ao alemán e ao español. Os resultados desta análise son relevantes; na tradución alemá é frecuente o recurso á paráfrase –aínda que cun interesante procedemento de compensación mediante a selección léxica– e na tradución española, máis convencional, prima o recurso á *équivalence*. Mediante a análise da novela citada, e como conclusión fundamental, pódese apreciar que é determinante a formación en competencia fraseolóxica dos tradutores e que, polo menos para a tradución de textos coloquiais, precisase revisar qué procedementos de tradución de unidades fraseolóxicas debemos considerar bos ou malos.

Palabras clave: Tradución, procedementos de tradución, locucións adverbiais, rexistro coloquial.

*Abstract: Over the past few years studies have been published on the applied strategies when translating phraseological units. In most of those contributions, the colloquial component is either absent or has not been correctly approached. One of the goals of this article is to analyse how phraseological units, more specifically adverbial locutions, are translated in a colloquial text. To do so, this article is based on the analysis of all the adverbial locutions present in the ST –the Italian novel *Mai sentita così bene*– and how translators rendered such locutions into German and Spanish. The findings*

Data de recepción 5.5.2013. Data de aceptación 30.7.2013.

¹ O autor agradece a axuda que lle prestou o Dr. Carsten Sinner e os valiosos comentarios e suxestións que realizaron os pares que efectuaron a dobre revisión anónima.

have been significant: the German translation frequently uses paraphrase –although compensating interestingly with a word selection technique; on the contrary, the Spanish translation is much more conventional with prevalence of the equivalence technique. The main conclusion out of this study of the Italian novel and its two translations indicates that phraseological competence is clearly crucial for the translation of locutions and, regarding the translation of colloquial texts, a division of the right and wrong translation strategies of phraseological units is required.

Keywords: Translation, translation strategies, adverbial locutions, colloquial language.

1. Rexistro coloquial, fraseoloxía e tradución

O compoñente fraseolóxico desempeña un papel relevante na caracterización do rexistro coloquial pola carga expresiva que contén. No caso que nos ocupa –un estudo das locucións adverbiais na novela *Mai sentita così bene*, da autora italiana Rossana Campo (Xénova 1963)–, a fraseoloxía e máis concretamente as locucións ocupan un lugar máis que destacado na linguaxe que crea a súa autora. E é que mencionar a Campo supón falar obrigatoriamente de diálogos, conversas e, en definitiva, oralidade, o que fixo que, por algo, recibira o apelativo de “maestra del romanzo conversazione” (Recanati 2001). Aínda que son algúns os investigadores que consideran que un texto escrito non pode reflectir con total fidelidade os trazos propios do discurso coloquial, consideramos que neste caso si é posible tomar unha obra escrita como base para un estudo do rexistro coloquial, na liña do manifestado por autores do talle de Briz Gómez (2001 [1998]: 29), que afirma que “hay numerosos ejemplos [...] en que se aproximan el modo de escritura y la oralidad, en concreto, coloquial”². Igualmente, o texto analizado cumpre os requisitos mínimos que se poderían establecer para poder inscribirse no rexistro coloquial, xa que presenta polo menos 58 dos trazos máis frecuentes deste rexistro no que á lingua italiana se refire (Leiva Rojo 2005) –o catálogo é amplísimo, pois, salvo trazos fonéticos, están representados elementos pertencentes ao resto de niveis posibles: ortográfico, morfosintáctico e léxico–. A isto axuda, sen lugar a dúbidas, unha suposta ausencia de planificación, resultado, precisamente, dunha planificación case milimétrica³. Por último, Campo ten unha forma de escribir cun estilo particularísimo que se inscribe, como dixemos, no rexistro coloquial raiando en ocasións no vulgar, pero con multitude de referencias –cinematográficas, musicais e literarias– dun nivel elevado; isto, mailo feito de que recibira críticas moi negativas dende o principio da súa produción literaria pola súa forma de escribir⁴ non fan senón apuntalar a nosa opinión de que *Mai sentita così bene* constitúe un marco adecuado para levar a cabo un estudo da fraseoloxía que se emprega no rexistro coloquial.

² Véxase a este respecto tamén a nota a rodapé número 11 do citado traballo de Briz Gómez (2001 [1998]: 31), onde se mentan autores que abordaron a oralidade e coloquialidade en textos escritos en xeral e literarios en particular.

³ A redacción desta novela levoulle dous anos a Rossana Campo –reescribiuna en catorce ocasións (Conte 2000: 77)–, o que demostra que a sinxeleza da súa estrutura non é máis que aparente. Así o manifesta a propia Campo, ao afirmar que “[a]ll’ apparenza è molto semplice, ma non è stato facile scriverlo. Volevo, e così è stato, che fosse tutto un dialogo” (Campo, apud Bo, 1995).

⁴ Valla como exemplo só a afirmación de Colasanti cando apareceu a segunda novela “Rossana Campo non sa scrivere” (Colasanti 1993).

Ao mesmo tempo, este traballo intenta axudar a suplir un baleiro existente nos estudos de fraseoloxía das tres linguas implicadas. Dunha parte, é evidente que se tratou bastante a forma na que se debe tratar a tradución de UUFF –sirvan a modo de exemplo os traballos de Sevilla Muñoz (2004), Molina Plaza (2008), Quitout (2009), Pastor Lara (2010) ou Ruiz Quemoun (2011), todos eles aparecidos en números anteriores desta revista–. Doutra, o rexistro coloquial contemplouse de forma exhaustiva nunha das linguas (a italiana)⁵, suficiente noutra (a española)⁶ e de forma parcial na outra das linguas estudadas aquí, a alemá⁷. Pero, se nos referimos aos estudos que analizan a fraseoloxía que se produce en textos coloquiais, as referencias caen en picado –aínda que hai traballos exhaustivos e de calidade, como o de Ruiz (1998)–; pero máis escasos, practicamente inexistentes, son aínda os que estudan a forma na que se traduce a fraseoloxía dos textos coloquiais, con multitude de erros e imprecisións.

2. As locucións adverbiais nun texto do rexistro coloquial

Como queda dito, neste traballo pretendemos facer un estudo das locucións adverbiais que aparecen na novela italiana *Mai sentita così bene* (Campo 2002/1996), co orixinal en lingua italiana que denominaremos no sucesivo *TO*, e da forma en que se afrontou a súa tradución nos dous integrantes restantes do trinomio textual que chamaremos *MSCB*: a súa tradución á lingua alemá, *Lippenstift und Ladyshave* (Campo 1997; tradución que realizou Bruno Genzler baixo o pseudónimo de Hilde Brunow) e a súa tradución á lingua española, *Mai sentita così bene* ≈ *Nunca me he sentido tan bien* (Campo 1999; tradución de Pablo Zamora Muñoz) ou, o que é o mesmo, TD1 e TD2 respectivamente. Seleccionamos as locucións adverbiais, e non outras, por non pertenceren ao grupo de locucións prototípicas de todo estudo fraseolóxico que se precie⁸, a pesar do frecuentes que son, como se verá máis adiante. Ao mesmo tempo debemos considerar que este tipo de locucións é un elemento moi destacado da caracterización do discurso coloquial, por empregarse como vehículo para, entre outros, a conexión de elementos (*tra l'altro*⁹, que aparece en sete ocasións no *TO*), a intensificación (*da matti*¹⁰, con nove aparicións) ou a atenuación (*più o meno*¹¹, con tres aparicións).

⁵ Véxanse, por exemplo, os traballos de Berruto (1985), Holtus e Radtke (1985), Sabatini (1985), Berretta (1993) e Simone (1993).

⁶ Cf. as contribucións de Beinhauer (1991/1964), Payrató (1996), Narbona Jiménez (2000) e, sobre todo, Briz (1995, 1996a, 2001/1998).

⁷ Especialmente destacables son os traballos de Fleischer et al. (2001), Schwitalla (2003/1997) e Fiehler et al. (2004).

⁸ Este feito ven refrendado por Ruiz (1998: 15), que no seu coñecido traballo sobre a fraseoloxía do español coloquial estuda fundamentalmente as locucións adverbiais por tratarse dunha das locucións menos estudadas ata hoxe.

⁹ ‘per giunta, in sovrappiù, tra le altre cose’, ZIN.

¹⁰ ‘moltissimo, in modo straordinario’, DISC.

¹¹ ‘non molto, così così’, GAR.

2.1. Locucións adverbiais no TO de MSCB

O estudo do TO do trinomio textual MSCB permitiunos identificar nas 162 páxinas do TO 122 locucións adverbiais distintas –coas dificultades de delimitación que isto presenta (cf. García-Page 2007: 137)– que aparecen nun total de 414 ocasións. Isto quere dicir que en cada páxina figura un promedio de 2,55 locucións adverbiais ou, dito doutra forma, que de cada 39 palabras do TO unha é integrante dunha locución adverbial, cifra esta última que consideramos que pon de relevo o frecuente que é este tipo de locucións no texto obxecto de estudo e que vén, ademais, a refrendar a afirmación de Corpas Pastor (2000b: 108) de que non é tan certo como se pensa que os falantes teñan liberdade plena á hora de construír os seus discursos. En calquera caso, e como é de esperar, o reparto de frecuencias de uso non é nin moito menos equitativo, posto que, do total de 122 locucións que aparecen no TO, as dez máis frecuentes representan o 45,16 % das aparicións totais, mentres que, como se pode ver no gráfico 1, a nada desprezable cifra de 58 locucións –isto é, o 47,54 % do conxunto de locucións adverbiais– aparecen só nunha ocasión no TO.




Gráfico 1. Clasificación de locucións segundo as repeticións no TO

No que respecta ás locucións adverbiais máis frecuentes do TO de MSCB, destaca sobre todo o emprego da locución *un po*¹² –e a súa variante *un bel po*–, que aparece en 73

¹² ‘1 non molto, leggermente [...] 2 per qualche tempo, per un lasso di tempo non troppo lungo [...] 3 senza un significato preciso, con valore rafforzativo’, GAR.

ocasións. A moita distancia dela atópase a locución *in giro*¹³ e, moi por debaixo, o resto de locucións adverbiais. Da lectura do gráfico que amosamos máis abaixo (gráfico 2), destaca ademais o feito de que só cinco locucións –as xa mencionadas *un po’* e *in giro*, ademais de *di nuovo*¹⁴, *sul serio*¹⁵ e *ogni tanto*¹⁶– aparecen no TO dez ou máis veces¹⁷. Este é un feito bastante significativo, xa que, na maioría dos casos, as cinco locucións máis frecuentes empréganse ben como modalizadores, ben practicamente desprovistas de significado, a modo case de retrousos que lle permiten ao falante gañar tempo para seguir armando o discurso. Este feito, como se verá máis adiante, influirá decisivamente na súa tradución.




Gráfico 2. Locucións máis frecuentes no TO

No lado oposto encóntrase unha cantidade inxente de locucións que aparecen en moi contadas ocasións no TO (cf. tamén o gráfico 1) e que, en oposición ás locucións adverbiais *desemantizadas*, empréganse co claro propósito de achegarlle significado,

¹³ '1 in cerchio; all'intorno, nello spazio circostante [...] 2 a spasso, a zonzo; lontano da casa [...] 3 in circolazione; in mezzo alla gente', GAR.

¹⁴ 'nuovamente, ancora, un'altra volta', ZIN.

¹⁵ 'davvero, certamente, non per scherzo, con valore asseverativo', DISC.

¹⁶ 'di tanto in tanto', GAR.

¹⁷ Para consultar o listado de todas as locucións adverbiais rexistradas no TO de MSCB e o número de veces que aparece cada unha, véxase o Apéndice.

expresividade e cor á narración. Referímonos, entre moitas outras, a locucións como *all'impazzata*¹⁸, *dalla mattina alla sera*¹⁹, *di nascosto*²⁰ ou *in blocco*²¹.

2.2. Procedementos de tradución de locucións adverbiais nos TD1 e TD2

Enumeradas as locucións adverbiais que aparecen no TO de MSCB, pasemos a ver a forma na que se traduciron nas dúas versións que analizamos. Para isto, vimos un por un os procedementos de tradución para as 414 aparicións de locucións adverbiais que aplicaron Genzler e Zamora Muñoz no TD1 e no TD2 respectivamente. Os procedementos posibles, segundo a clasificación de Corpas Pastor (2000b, 2001b), poden ser indirectos (*équivalence*, paráfrase, omisión e compensación) ou directos (préstamo, calco e *pseudoéquivalence*). Aínda así, non todos estes procedementos están presentes na análise que ofrecemos aquí: a compensación queda fóra do presente artigo porque non se rexistraron casos dese procedemento, debido á natureza mesma do noso estudo, xa que a análise realizámola partindo dos casos de locucións adverbiais do TO e comparándoos co TD1 e o TD2. Con todo, isto non impide que se dean casos de compensación tanto no TD1 como no TD2, como se dá no exemplo número 1, no que o adverbio *veramente*²² do TO se traduce mediante as respectivas locucións adverbiais –a alemá *im Ernst*²³ e a española *de verdad*²⁴– no TD1 e TD2²⁵:

(1) **TO** *Ho avuto una storia con una mia prof. Mi giudici male?*

Eh, da morire.

Veramente?

Stai calma, era una battuta. (MSCB, 36)

TD1 *Ich hab etwas mit meiner Professorin an der Uni angefangen. Verurteilst du mich deswegen?*

Ja, selbsverständlich.

Im Ernst?

Beruhig dich, es war ironisch gemeint. (MSCB, 40)

TD2 *He tenido un rollo con una profesora mía ¿Me juzgas mal?*

Eh, fatal.

¿De verdad?

Estate tranquila, era una gracia. (MSCB, 63)

¹⁸ 'precipitosamente, in maniera pazza, senza riflettere', ZIN.

¹⁹ 'tutto il giorno, continuamente', GAR.

²⁰ 'senza farlo sapere, capire, vedere e sim. ad altri', ZIN.

²¹ 'tutt'insieme, nell'insieme', DISC.

²² '1 Realmente [...] 2 In frasi interrogative, esprime dubbio, meraviglia, incredulità e sim. (anche iron.) [...] 3 A dire il vero, però (in funzione limitativa, attenuativa, avversativa', ZIN. No exemplo que nos ocupa, a acepción correspondente é a que está marcada co número 2.

²³ 'verwendet, um auszudrücken, dass etw. tatsächlich so (gemeint) ist, auch wenn es unwahrscheinlich erscheint', LAN.

²⁴ 'para asegurar la certeza y realidad de algo', DRAE.

²⁵ Nos exemplos que aparecen ao longo deste traballo empregouse a letra negra para identificar con maior claridade as locucións adverbiais do TO e os procedementos de tradución empregados no TD1 e TD2. Téñase en conta, ademais, que a transcripción do texto é literal e que se optou por non empregar o adverbio sic coa intención de facer máis sinxela a lectura dos fragmentos do trinomio textual MSCB.

Noutra orde de cousas, non se rexistra ningún caso de préstamo nin no TD1 nin no TD2, situación que coincide coa afirmación de Corpas Pastor (2000a: 508) de que se trata dun procedemento de tradución pouco empregado. Aínda así, o feito de que non se utilice o préstamo para traducir locucións adverbiais non quere dicir que non se faga uso deste procedemento para a tradución doutras UUFF no trinomio MSCB –na maioría deses casos, polo demais, con obxecto de dar un toque extranxeirizante ao texto.

En relación co resto de procedementos empregados, a primeira análise destes procedementos, meramente cuantitativa, ilustra o gráfico 3:




Gráfico 3: Procedementos de tradución de locucións adverbiais empregados no TD1 (alemán) e TD2 (español)

En primeiro lugar, obsérvase unha distribución practicamente idéntica entre procedementos directos e indirectos, xa que se rexistran 409 procedementos indirectos no texto alemán e 410 no texto español, fronte aos 5 e 4 casos de procedementos directos do TD1 e TD2 respectivamente. Esta aparente igualdade mantense nas cifras do calco e da *pseudoéquivalence* en ambas as dúas traducións pero rompe ao analizar en detalle cada un dos procedementos indirectos: no TD1 advírtese un maior equilibrio entre a *équivalence* e a paráfrase –aínda que cun sorprendente predominio da paráfrase–, mentres que no TD2 dáse un dominio absoluto da *équivalence*, con 210 casos máis que a paráfrase. Tamén son significativas as diferenzas no uso do procedemento de omisión

entre o texto alemán (66 casos) e o texto español (22 casos). Nos apartados que seguen veranse con máis detalle aspectos referentes a cada un destes procedementos.

2.2.1. *Équivalence*

O procedemento por excelencia para a tradución de UUFF, a *équivalence*, defíneo Corpas Pastor como o procedemento consistente na substitución dunha UF no TO por outra UF supostamente equivalente no TD –como se verá máis adiante, en dous graos de equivalencia posible, plena ou parcial–, ou por unha unidade léxica simple no TD cando sexa o único equivalente posible –é dicir, cando se dá equivalencia non fraseolóxica– (Corpas Pastor 2000a: 491 e 503; 2001b: 783). Trátase, ademais e con moito, do procedemento de tradución de UUFF máis empregado (Corpas Pastor 2001a: 68). Esta afirmación é válida de forma incuestionable para o TD2, onde se advirte un predominio moi marcado da *équivalence*, xa que as 299 ocasións en que Zamora Muñoz opta por este procedemento fan que sexa o procedemento ao que recorre en máis ocasións, cun 72,22% do total dos casos. O TD1, pola súa banda, non coincide coa afirmación previa, xa que o 36,95% dos casos que colleita fai que se encontre a bastante distancia do 45,89% da paráfrase, o procedemento máis empregado na versión alemá, e isto pode afectar, sen dúbida, a expresividade do TD1.




Gráfico 4: Graos de equivalencia en locucións adverbais traducidas mediante *équivalence*

Como se puido ver na definición do procedemento da *équivalence*, este procedemento non supón que o grao de equivalencia existente entre a unidade do TO e a do TD sexa sempre o mesmo, senón que pode variar, froito da escala gradual de equivalencia de UUFF da que falan Koller (1994: 357; 2007: 605) e Corpas Pastor (2000a: 490 e ss.; 2000b: 113). Desta forma, nun dos extremos da escala encontramos a equivalencia

plena, que é a que se produce cando a unha UF da LO lle corresponde outra UF na LD “que tiene el mismo significado denotativo y connotativo, una misma base metafórica, una misma distribución y frecuencia de uso, las mismas implicaturas convencionales y similares connotaciones (restricciones diastráticas, diafásicas y diatópicas)” (Molina Plaza 2004: 430). No extremo oposto encóntrase a equivalencia nula, que se dá naquelas UUFF que non contan con equivalentes noutras linguas debido a que, polo xeral, “expresan una realidad sociocultural sin parangón en la cultura [de destino]” (Corpas Pastor 2000a: 492), e nese caso, polo tanto, a *équivalence* non sería posible, polo que o tradutor debería optar por outro procedemento de tradución. A metade de camiño entre a equivalencia plena e a nula, aínda que con límites non claramente definidos, atopamos a equivalencia parcial, motivada por diverxencias entre a UF do TO e a do TD que poden ser de base metafórica; de frecuencia e distribución; ou de contido semántico (Corpas Pastor 2000a: 491).

Se atendemos aos graos de *équivalence* que presentan no trinomio MSCB as traducións de locucións adverbiais realizadas mediante o procedemento da *équivalence*, volveremos observar datos chamativos (véxase o gráfico 4). En primeiro lugar, destaca o feito de que, nos 153 e 299 casos de *équivalence* rexistrados no TD1 e no TD2 respectivamente, son maioritarias as locucións adverbiais traducidas que presentan un grao parcial de *équivalence* con respecto á súa locución correspondente no TO. Isto non vén senón a confirmar a opinión de Copras Pastor (2000a: 491) de que se trata do grao de equivalencia máis frecuente na tradución de UUFF. En segundo lugar, apréciase unha descompensación moi significativa entre ambas versións do TO, posto que a equivalencia parcial –da que forma parte a equivalencia non fraseolóxica, definida anteriormente– está presente no 79,08% dos casos de equivalencia do TD1, fronte ao 53,51% dos casos do TD2, onde é moi significativo o equilibrio entre equivalencia parcial e equivalencia plena.

As razóns para esta descompensación poden ser de diversa índole. Dunha parte, o feito de que a lingua italiana e a alemá pertencen a ramas distintas fai que as diverxencias sexan moito máis acusadas entre elas que no caso do italiano e o español –o que non asegura nin moito menos que haxa UUFF equivalentes entre estas dúas linguas en todo momento (Grünewal 2012: 121)–. Esta mesma razón xustifica parcialmente o feito de que os casos de equivalencia non fraseolóxica sexan máis numerosos –mesmo en termos absolutos– no TD1 (19 casos) do que son no TD2 (6 casos). Por outra banda, parécenos que a formación dos tradutores e a maneira na que afrontan a tradución é a xustificación fundamental desta situación. No caso do TD2, Zamora Muñoz tende a utilizar en todo momento a *équivalence*: nótase que el realizou numerosos estudos sobre UUFF dende o punto de vista contrastivo e pode verse, a modo de exemplo, Zamora Muñoz (1999, 2005). No TD1, en cambio, parece que Genzler non ten formación específica na tradución de UUFF e que as traduce de maneira practicamente intuitiva: isto presenta as súas vantaxes, porque en ocasións o seu texto flúe con maior naturalidade que o TD2, pero non está exento de inconvenientes, sendo o principal a perda de información e expresividade que supón o recurso excesivo á omisión e á paráfrase, como veremos máis adiante.

A pesar das diferenzas sinaladas, atopamos algúns casos nos que se dan niveis de equivalencia plena entre a locución da LO e a de cada LD. En consonancia co manifestado por Baker (1992: 74) e, en parte, Grünewal (2012: 120), non son moi abundantes, xa que só se rexistran 18 casos en todo o texto, aínda que serven para poñer de manifesto que, a pesar das diferenzas que existen entre as linguas italiana, alemá e española, existe un “extraordinario paralelismo [...] entre los sistemas fraseolóxicos de las distintas linguas” (Corpas Pastor 2000a: 484). Un dos casos correspondentes a este fenómeno é o que aparece no exemplo número 2, onde, para a locución adverbial italiana *in coro*²⁶ proporciónanse equivalentes plenos nas linguas alemá e española *–im Chor*²⁷ e *a coro*²⁸ respectivamente–.

(2) **TO** *Buuuuu... fanno le amiche in coro.*

No, per me hai fatto bene, dice la Betty, unica voce fuori dal coro. (MSCB, 55)

TD1 *Buuuuhhh, rufen meine Freundinnen im Chor.*

Nein, ich denk, du hast richtig gehandelt, meint Betty, die einzige, die sich dem Chor nicht angeschlossen hat. (MSCB, 61)

TD2 *Buuuuu... dicen las amigas a coro.*

No, para mí has hecho bien, dice Betty, la única voz dispar del coro. (MSCB, 85)

Por último, no tocante a este procedemento de tradución, debe terse en conta que o recurso á *équivalence* non é sempre sinónimo de acerto, xa que se dan casos nos que a UF do TD non é coincidente co significado da locución adverbial do TO, caso do exemplo número 3, onde a locución verbal alemá *in die Kiste hüpfen/springen*²⁹, combinada co sintagma *mit jedem Kerl*, é moito máis expresiva e explícita que a locución adverbial *in giro* como modificador de *prenderne*. Noutras ocasións, a locución adverbial equivalente no TD é basicamente axeitada, porque o tradutor a identificou correctamente e a interpretou no seu contexto, pero, por contaminación ou outros factores, non deu ofrecido o equivalente pertinente. Isto é o que acontece no exemplo número 4, onde atopamos un caso de desviación (cf. a este respecto Mena Martínez 2003), xa que Zamora Muñoz ofrece *a malas penas* como equivalente da locución italiana *a stento*³⁰, probablemente pola combinación das locucións *por las malas*³¹ ou *a una mala*³² e *a duras penas*³³, locución esta última que presenta o mesmo contido semántico que a locución italiana do TO. En calquera caso, cómpre recoñecer que as traducións consideradas erradas ou non acertadas que se derivan do recurso á *équivalence* non son numerosas, posto que rexistramos só 4 e 6 casos de *équivalence* incorrectas no TD1 e TD2 respectivamente.

²⁶ ‘insieme, a una voce’, GAR.

²⁷ ‘gemeinsam, alle zusammen’, DUD.

²⁸ ‘Unánimemente’, DFEM.

²⁹ ‘Geschlechtsverkehr haben’, GLOSBE.

³⁰ ‘a fática, a malapena’, DISC.

³¹ ‘A: Forzadamente, contra voluntad [...] B: Con malas intenciones, aviesamente’, DFEM.

³² ‘Expresión coloquial que equivale a “en caso de que las cosas no ocurran como se espera o surja una dificultad y haya que adaptarse”’, DUE.

³³ ‘Con gran dificultad’, DFEA.

- (3) **TO** *No, però io penso anche un'altra cosa, fa la Ale, penso che tu non lavori, non fai un cazzo tutto il giorno, e secondo me ti annoi e per questo che vai a prenderne **in giro**.* (MSCB, 105)

TD1 *Weiß ich auch nicht, meint Ale, aber ich denk noch etwas anderes. Ich denk nämlich, daß du nicht arbeitest und den ganzen Tag Däumchen drehst, und deshalb langweilst du dich und **hüpfst** mit jedem Kerl **in die Kiste**.* (MSCB, 120)

- (4) **TO** *Lui parlava e io **a stento** riuscivo a far finta di articolare qualche parola.* (MSCB, 87)

TD2 *Él hablaba y yo **a malas penas** lograba fingir que articulaba alguna palabra.* (MSCB, 123)

2.2.2. Paráfrase

O procedemento para a tradución de UUFF máis frecuente cando a *équivalence* non é posible segundo Baker (1992: 74) éo tamén no TD2 –onde supón o 21,49% dos casos–, pero non así no TD1, no que, como se indicou no gráfico 3, trátase do procedemento maioritario, cun 45,89% do total de procedementos de tradución. No estudo do trinomio MSCB advírtese que o recurso á paráfrase é moi frecuente cando a locución adverbial do TO presenta dificultades de tradución. De todos os casos de paráfrase que identificamos, as maiores complicacións atópanse á hora de traducir locucións adverbiais que se empregan a modo de retrouso como intensificadores ou atenuadores con obxecto de modificar ou reducir a forza da enunciación e regular a posición do falante con respecto ao expresado (Schwitalla 2003/1997: 153; Fiehler et al. 2004: 217). Destaca de maneira moi especial a tradución da locución *un po'*, que presenta múltiples matices no que ao seu significado se refire, algúns deles intraducibles, como se encargan de sinalar os repertorios lexicográficos –véxase a terceira acepción en GAR: “senza un significato preciso, con valore rafforzativo”–. Esta situación supón nalgúns casos perdas de significado no TD, aínda que noutras ocasións os tradutores resolven axeitadamente esta dificultade ofrecendo coa paráfrase unha solución tan expresiva como a do TO: véxase no exemplo número 5 que na tradución que dá Zamora Muñoz de *un po'* acompañado do xerundio *ballando*, o verbo *bailotear*³⁴ transmite perfectamente o contido do orixinal italiano.

- (5) **TO** *Dai, non sintetizzare, descrivi per filo e per segno dice la Ale **ballando un po'** sulla sedia al ritmo dei Lady Smith Black Mombazo.* (MSCB, 93)

TD2 *Venga, no sintéticas, describe con pelos y señales dice Ale **bailoteando** en la silla al ritmo de los Lady Smith Black Mombazo.* (MSCB, 129)

Un caso moi semellante ao anterior, ante a perda que supón traducir unha locución adverbial mediante unha paráfrase de contido semántico-pragmático, consiste en optar no TD por unha solución na que prime a selección léxica de carácter coloquial. Esta tendencia non é moi frecuente no TD2, cousa lóxica porque os casos de paráfrase son menos do que son no texto alemán; pero si o é no TD1, con 24 casos rexistrados, como

³⁴ ‘Bailar de cualquier manera, con poca atención’, DUE.

se amosa no exemplo número 6 no que a tradución que se dá de *a pezzi*³⁵ é o adxectivo *ramponiert*³⁶, marcado como *coloquial* polos repertorios lexicográficos. O feito de que este recurso sexa tan frecuente na versión alemá lévanos a pensar que Genzler é totalmente consciente da perda de significado que supón o recurso á paráfrase e que por ese motivo aplica un mecanismo de compensación non fraseolóxica que intenta suplir esta carencia.

(6) **TO** *La Lucia dice: A parte il fatto che avevo le gambe come un budino e la schiena a pezzi... no, è che mi era presa una specie di euforia [...].* (MSCB, 133)

TD1 *Lucia erzählt weiter: Mal abgesehn davon, daß meine Beine wie Pudding waren und mein Kreuz ramponiert war, ging es mir super. Ich war richtig euphorisch.* (MSCB, 154)

Relacionado co exemplo anterior está o recurso aos intensificadores ou atenuadores como elemento de reforzo ou mitigación da carga significativa dunha locución no texto orixe, o que produce casos de paráfrase nos que o compoñente coloquial está moi presente ou mesmo casos de compensación se non se circunscribe o concepto de equivalencia só ao nivel da oración. Inclúiríanse aquí as partículas modais da lingua alemá *denn, doch, aber, ja, mal, eben/halt, auch, schon, wohl* e *eigentlich*, entre outras (Fleischer et al., 2001: 272; Schwitalla, 2003/1997: 153-155), e, en canto á lingua española, tanto intensificadores –morfolóxicos (*cuerpazo, de muerte*), sintácticos (*que no veas*), léxico-semánticos (*tarde tarde*) ou fraseolóxicos (*a punta pala*)– como atenuadores –modificación interna (diminutivos) ou externa (cuantificadores)– (Briz 1996a: 53-55; 1996b: 16-22; Briz e Val. Es.Co. 2000: 35). De todos os casos atopados no trinomio analizado, destacamos o que se amosa a continuación (exemplo número 7), no que Genzler expresa a frase elativa do TO *che non ti dico*³⁷ no TD1 mediante a partícula *aber*³⁸ en conxunción co adverbio *richtig*³⁹, o que permite obter unha carga semántica moi similar á do orixinal italiano.

(7) **TO** *Be', abbiamo cominciato a baciarci che non ti dico, lì nell'acqua, un sacco di tempo, mi girava la testa.* (MSCB, 63)

TD1 *Wir haben angefangen, uns zu küssen, aber richtig, minutenlang, mir war richtig schwindlig.* (MSCB, 71)

Noutra orde de cousas, como é de esperar, non todos os casos de paráfrase son positivos, posto que en numerosas ocasións o recurso a este procedemento supón unha perda evidente de significado, como acontece no exemplo número 8, onde a mesma locución adverbial do exemplo número 6, *a pezzi*, ten como equivalente no TD1 o verbo *schmerzen*⁴⁰, non marcado diafasicamente. Máis flagrantes son outras situacións nas que a paráfrase supón transmitir no TD unha mensaxe sensiblemente distinta á do TO. Esta situación, exclusiva

³⁵ '1 in parti [...] 2 nella condizione di chi o di ciò che è distrutto o in rovina', GAR.

³⁶ 'gespr; in schlechtem Zustand', LAN.

³⁷ 'de padre y señor mío', TAM.

³⁸ 'drückt eine Verstärkung aus', DUD.

³⁹ 'ganz so, wie man es sich vorstellt od. wünscht', LAN.

⁴⁰ 'körperlich wehtun, Schmerzen verursachen', DUD.

do TD1 que nos ocupa – e bastante frecuente, con 17 casos, un 8,94% de todos os rexistros de paráfrases–, apréciase claramente no exemplo número 9, no que a locución italiana *un casino*⁴¹ se traduciu mediante a proposición alemá, de significado non coincidente, *ich kann so nicht leben*.

- (8) **TO** *No, dopo un po' il tipo si sveglia, tutto bello ringalluzzito, io sconvoltissima invece, con l'alito da ammazzare qualcuno, la schiena a pezzi e a lui che gli vengono le idee di fare porcherie, capito?* (MSCB, 29)

TD1 *Nein, nach einiger Zeit wacht der Typ auf und lächelt mich strahlend an. Ich hingegen fühl mich wie gerädert, mein Kreuz **schmerzt**, und mit meinem Mundgeruch hätte ich jemanden umbringen können.* (MSCB, 30)

- (9) **TO** *Sì, però io ci sono stata male **un casino**, fa la Nadia rattristandosi tutta, cazzo, io sono innamorata di quel ciccone!* (MSCB, 98)

TD1 *Trotzdem, **ich kann so nicht leben**, meint Nadia und wird auf einmal todtraurig, verdammt noch mal, ich liebe diesen Dickwanst eben!* (MSCB, 113)

2.2.3. Omisión

Os casos de omisión, estratexia de tradución reivindicada, entre outros, por Zuluaga (1999: 540) e que se adoita pasar por alto nos estudos sobre procedementos de tradución de UUFF, teñen unha incidencia moi diversa nos dous TD, non só en termos cuantitativos –a omisión supón o 15,94% dos casos no TD1 e o 5,31% no TD2–, senón tamén dende o punto de vista cualitativo. Deste xeito, a análise dos 66 casos de omisión na versión alemá de *Mai sentita così bene* desvela o feito rechamante de que case un terzo destas omisións se dan na tradución da locución *un po'* (21 casos). No que respecta ás outras locucións máis frecuentemente omitidas, atopamos *di nuovo* (7 casos) e *a occhio e croce*⁴², *in fondo*⁴³ e *ogni tanto*, con 3 casos cada unha.

Aínda que menos numerosos no TD2, os casos de omisión que localizamos son igualmente significativos, xa que se advirte que a gran maioría deles se dan á hora de traducir algunhas das locucións máis desprovistas de significado. Estámonos referindo ás traducións de *sul serio* (1 caso), *in giro* (4) e, sobre todo e de novo, *un po'*, con 15 casos de omisión. A razón para esta omnipresenza de *un po'* nos exemplos de omisión é a mesma que no procedemento anterior: trátase dunha locución adverbial con matices moi complicados de expresar en ambas LD mediante calquera outro procedemento, paráfrase incluída (cf. a este respecto Baker 1992: 77). Trátase de locucións que ás veces son difíciles de traducir e isto percíbese en que é frecuente atopar omisións do mesmo caso de locución nos dous TD, como acontece no exemplo 10, no que a locución *un po'* aparece claramente omitida nos dous, coa conseguinte perda de expresividade. E iso a pesar de que en ocasións a omisión podería evitarse facilmente se, no TD1, o tradutor engadise a partícula modal

⁴¹ 'molto, moltissimo', ZIN.

⁴² 'all'incirca', DISC.

⁴³ 'tutto sommato (anche ripetuto)', GAR.

alemá *einfach*⁴⁴ (“Und er: Erzähl ihm **einfach**, was du willst!”): deste xeito non só se evitaría a omisión –estariamos ante un caso de paráfrase–, senón que tamén se lograría unha expresión do imperativo menos forzada que a presente no TD1.

(10) **TO** *Io gli dicevo: merda domani arriva Gajanan. Porca troia che gli dico? E lui: digli **un po'** il cazzo che vuoi. Stava di un male!* (MSCB, 75)

TD1 *Ich sag zu ihm: Scheiße, morgen kommt Gajanan zurück. Verflucht noch mal, was soll ich ihm denn sagen? Und er: Erzähl ihm, was du willst! Es ging ihm wirklich nicht gut.* (MSCB, 85)

TD2 *Yo le decía: mierda mañana llega Gajanan. Me cago en la leche ¿qué le digo? Y él: dile lo que te salga de las pelotas. ¡Estaba de un mal!* (MSCB, 107)

En calquera caso, as situacións máis chamativas de omisión atopámolos xeralmente no TD1, como pasa no exemplo número 11, no que se aprecia como ao omitir a locución adverbial italiana *da un momento all'altro*⁴⁵ e ao cambiar o tempo verbal na tradución de *mi molli* varía o expresado no TD1. Unha vez máis, a formación en fraseoloxía do tradutor parécenos clave para xustificar as diverxencias entre os dous TD. Máis rechamante se cabe é o exemplo número 12, no que a omisión da locución italiana *d'ora in poi*⁴⁶ non é senón consecuencia da supresión dun turno completo da conversa. Trátase esta dunha tendencia á simplificación que inexplicablemente se repite en máis ocasións no TD1 e que afecta non só outras UUFF, senón tamén a propia caracterización do rexistro coloquial, ademais de desvirtuar o estilo propio de Rossana Campo.

(11) **TO** *E per di più io sto qua a pensare che **da un momento all'altro** mi molli (sempre la Lucia).* (MSCB, 136)

TD1 *Und ich häng hier rum und denk, daß du mich verlassen hast (erzählt Lucia).* (MSCB, 158)

(12) **TO** *E poi ti sei ammalata?*

No, ero troppo caricata energeticamente, avrei potuto anche baciare uno con la peste che non me la prendevo.

D'ora in poi *parlerai sempre in questo modo? No, avvertici, perché è bene saperlo...*

Dunque, pensieri chiari non ne avevo con Raul, ero eccitata di aver trovato una persona simpatica, intelligente. (MSCB, 83)

TD1 *Bist du denn wirklich wieder krank geworden?*

Nein, ich war energetisch zu geladen, ich hätt auch einen Pestkranken küssen können, ohne mich anzustecken. Auf alle Fälle war ich mir über meine Absichten

⁴⁴ ‘<Partikel; meist unbetont> drückt eine [emotionale] Verstärkung einer Aussage, einer Behauptung, eines Wunsches aus’, DUD.

⁴⁵ ‘molto presto [...]; improvvisatamente, inopinatamente’, ZIN.

⁴⁶ ‘da questo momento in poi, per tutto il tempo futuro’, GAR.

mit Raul nicht so recht im klaren, ich war einfach aufgekratzt, weil ich einen sympatischen, intelligenten Menschen kennengelernt hatte [...] (MSCB, 95)

No que respecta ao TD2, é digno de sinalar o caso de omisión do exemplo número 13, no que a frase elativa italiana *della Madonna*⁴⁷ (*della madonna* no TO) aparece omitida. Atopámonos ante unha locución adverbial que non está presente na tradución deste fragmento no TD2 porque pensamos que debeu de supor grandes dificultades de tradución repetidas veces para Zamora Muñoz, xa que este tradutor, que amosa gran sistematicidade e regularidade na tradución de locucións adverbiais no TD2 –ante unha locución que aparece máis dunha vez adoita optar polo mesmo equivalente–, ofrece para as seis aparicións da locución *della madonna* tres equivalentes –*del quince*⁴⁸, *que no veas*⁴⁹ e *de tres pares de narices*⁵⁰–, ademais do caso de omisión que nos ocupa.

(13) TO [...] *e all'inizio tutte dicevamo: ma come ha fatto la Nadia così tappina e rotonda a cuccarsi un superbono della madonna come quello?!* (MSCB, 47)

TD2 [...] *y al principio nos decíamos todas: ¡¿pero cómo ha podido Nadia tan tapón y rechoncha ligarse a un tío superbueno como ése?!* (MSCB, 73)

2.2.4. Calco

O primeiro dos procedementos directos de tradución de UUFF analizado, considerado inviable en liñas xerais por Larson (1994: 116) e identificado en ocasións e de forma exclusiva coa tradución literal (cf. Motallebzadeh e Tousi 2011: 3) –a pesar de que a equivalencia plena entre UUFF consiste moitas veces en traducións palabra por palabra–, presenta resultados moi semellantes en ambas as dúas versións do TO, como vimos anteriormente. Trátase, aínda así, dun procedemento marxinal no conxunto de procedementos para a tradución de locucións adverbiais de *Mai sentita così bene*, xa que supoñen o 0,72% e o 0,48% dos casos no TD1 e TD2 respectivamente. É rechamante este número de aparicións, en primeiro lugar por ser tan reducido –en contra da afirmación de Corpas Pastor (2000a: 510) de que o calco é un procedemento de gran difusión na tradución de UUFF– e, en segundo lugar, polo equilibrio entre os TD1 e TD2, xa que o número de casos de calco é moi semellante.

Dos casos de calco que se dan na versión alemá destacamos o exemplo número 14, no que Genzler traduce a locución adverbial italiana *con la bava alla bocca*⁵¹ como *mit Geifer*

⁴⁷ ‘moltissimo, grandissimo, eccezionale’, ZIN.

⁴⁸ Todo parece indicar que *del quince* é unha UF aparente, posto que non o podemos atopar en ningún repertorio lexicográfico. No que respecta aos corpora de textos, a súa aparición é moi exígua, con senllas aparicións de *del quince* con valor non literal no Corpus de referencia do español actual –onde aparece como parte de *del quince y medio*– (Real Academia Española), no Corpus do español (Davies 2002) e no Corpus del español actual (Subirats e Ortega 2012).

⁴⁹ No dicionario, baixo o lema *no ver* (‘Se usa para ponderar el alto grado en que se tiene una sensación. Gram. en la constr. consecutiva que no veo’, DFEA)

⁵⁰ ‘Extraordinario o sumamente grande’, DFEA.

⁵¹ (‘1. grande rabbia. 2. grande desiderio’, GAR). Figura nos dicionarios consultados como locución substantiva, *bava alla bocca*, aínda que todos os exemplos que se dan aparecen acompañados da preposición *con*.

vor dem Mund, que non aparece como tal nos dicionarios, pero que si aparece no corpus de textos de *Die Zeit* (Berlin-Brandenburgische Akademie der Wissenschaften 2013). Por outra banda, nos repertorios lexicográficos queda claro que a base metafórica presente no TD1 existe, xa que se recollen tanto o verbo *geifern*⁵² como a locución verbal *Schaum vor dem Mund haben*⁵³, na que *Schaum*⁵⁴ é sinónimo de *Geifer*⁵⁵. Dende un punto de vista léxico podíase pensar que é un caso de *équivalence*, posto que a locución do TD1 coincide cunha das acepcións do TO, a primeira; aínda así, a análise da locución en contexto deixa claro que a acepción que emprega Campo no orixinal italiano é a segunda (cf. nota a rodapé número 52), na que se alude á atracción que sente unha das protagonistas da novela por un dos personaxes secundarios, sentido que, pensamos, non se infire da locución que emprega Genzler no TD1, xa que, atendendo aos dicionarios consultados e aos corpora de textos⁵⁶, a locución que se emprega na versión alemá fai referencia a perder a paciencia unha persoa ou mesmo a falar mal de alguén, e isto lévanos a considerar que estamos ante un caso de calco.

(14) **TO** *No, no, guarda, giovanissimo, a occhio e croce, diciotto dicianannove anni. Io e Teresa addosso a lui che ce lo guardiamo come due tonne, e lui che fa: e chi siete voi, due fate da cardiopalma? Io sono Gimmy! Ehi, ciao Gimmy, fa la Teresa con la bava alla bocca. E lui, ah, italiane!* (MSCB, 50)

TD1 *Jedenfalls total jung, vielleicht achtzehn oder neunzehn. Teresa und ich hängen an ihm und starren ihn an wie zwei Thunfische, und er meint: Wer seid ihr beiden denn. Zwei scharfe Feen? Ich bin Gimmy! Ciao Gimmy, antwortet Teresa mit Geifer vor dem Mund. Und er, ach Italinerrinnen.* (MSCB, 55)

Igualmente rechamantes son os dous casos de calco do TD2. No primeiro deles (exemplo número 15), a locución adverbial italiana *in pratica*⁵⁷ traducíuse como *en práctica* –por influencia, pensamos, non só da locución do TO, senón tamén da locución verbal española *poner en práctica*⁵⁸, cando a forma correcta en lingua española é *en la práctica*⁵⁹. No segundo dos casos (exemplo número 16), pola súa parte, o calco non se produce por influencia do TO, onde a locución que aparece é *in fondo*, senón que Zamora Muñoz a

⁵² Utilizado habitualmente en combinación con *gegen jemanden*: ‘mit wütenden u. gehässigen Worten über j-n schimpfen’, LAN.

⁵³ Rexistrada en dous dicionarios: ‘echar espumarajos’ (PONS) e ‘espumajear’ (SLA, acompañado da aclaración “vor Zorn usw.”).

⁵⁴ ‘2. schaumiger Speichel; Geifer’, DUD.

⁵⁵ ‘1. aus dem Mund fließender [schäumender] Speichel. 2. (gehoben abwertend) Anzahl gehässiger, wütender Worte’, DUD.

⁵⁶ Sirvan a modo de exemplo os resultados de buscar a cadea *Schaum vorm Mund* no Corpus da Universidade de Leipzig (Deutscher Wortschatz 2012), con nove aparicións, todas elas con significado idiomático e matiz de rabia ou ira.

⁵⁷ ‘praticamente, sostanzialmente’, ZIN.

⁵⁸ ‘Realizar intenciones, planes, etc.’, DUE.

⁵⁹ ‘En el terreno de los hechos o en la realidad’, DUE.

traduce como *al máximo* –en lugar de *como máximo*⁶⁰– tendo como referente a locución italiana *al massimo*⁶¹, que coincide parcialmente co significado da locución adverbial do TO.

(15) **TO** *Ce l'hai il ragazzo?*

Il ragazzo! Io in pratica sono sposata, faccio piuttosto compiaciuta. Vivo con uno da tre anni. (MSCB, 40)

TD2 *¿Tienes chico?*

¡Chico! Yo en práctica estoy casada, digo muy satisfecha. Vivo con uno desde hace tres años. (MSCB, 65)

(16) **TO** *Credo di no, in fondo devo averlo visto solo un paio di volte, credo.* (MSCB, 116)

TD2 *Creo que no, al máximo he tenido que haberle visto un par de veces, creo.* (MSCB, 157).

2.2.5. Pseudoéquivalence

O último dos procedementos directos tratados aquí, a *pseudoéquivalence*, consiste en crear no TD o efecto dunha UF real equivalente –de forma parcial ou plena–á do TO pero que, tras un exame máis detallado, se descobre como unha UF aparente que se construíu tomando como base outras UUFF da LD (Corpas Pastor e Leiva Rojo 2005: 67). Trátase dun procedemento moi criticado por Dobrovolskij e Piirainen (2009: 181) ao consideraren que, fronte á *pseudoéquivalence* ou ao calco, sempre será mellor optar pola paráfrase. En calquera caso, a *pseudoéquivalence* é moi pouco empregada nos dous TD de *Mai sentita così bene*, con dúas aparicións en cada un deles –0,48% do total–. Aínda así, son bastante ilustrativos os casos que se rexistran deste procedemento, como pasa co exemplo número 17, no que Genzler interpretou a locución adverbial *in giro* como parte integrante dunha locución verbal inexistente, *esserci pollastre in giro*, na que *pollastra* tería o significado de “ragazza piacente e sempliciotta” (GAR). Sobre a base desta locución ficticia construíu unha suposta locución alemá, *Hühner an/in seinem Hof haben*, na que *Huhn* se refire a unha persoa de sexo feminino –como pasa, por exemplo, nas locucións substantivas *hysterisches Huhn* ou *dummes Huhn*⁶²–, e *Hof*⁶³, ás persoas que rodean a alguén importante ou famoso.

(17) **TO** *Adesso no, adesso devo farlo innamorare di me, devo capire se lui fa sul serio, se ci sono altre pollastre in giro, se faccio bene a mollare Hervé per mettermi con lui eccetera eccetera eccetera.* (MSCB, 96)

TD1 *Und jetzt denk ich, daß ich ihn in mich verliebt machen muß, daß ich dahinterkommen muß, ob er es ernst mit mir meint, ob es noch andere **Hühner***

⁶⁰ ‘Siendo [algo] el límite o el punto máximo previsible o calculado’, DFEA.

⁶¹ ‘tuttalpiù con valore ipotetico-limitativo’, DISC.

⁶² ‘verwendet, um e-e Frau zu bezeichnen, die man für dumm hält’, LAN.

⁶³ ‘Gesamtheit der zur Umgebung, zum Gefolge eines Fürsten gehörenden Personen’, DUD.

in seinem Hof gibt, ob es richtig ist, Hervé den Laufpaß zu geben, um mit ihm zusammenzusein und so weiter. (MSCB, 111)

No tocante ao TD2, atopamos o seguinte caso (exemplo número 18), no que Zamora Muñoz traduce a locución adverbial *una volta o l'altra*⁶⁴ mediante a suposta locución *un día u otro*, que se constrúe, pensamos, tomando como modelo inconscientemente a locución *de un día a otro*⁶⁵, cando en realidade as locucións equivalentes na LD son *el día menos pensado*⁶⁶, *cualquier día*⁶⁷ ou, sobre todo, *más tarde o más temprano*⁶⁸. Neste caso, a proposta de Zamora Muñoz, aínda que claramente intelixible para o lector, peca de non ser tipicamente fraseolóxica, posto que inclúe un elemento, a conxunción disxuntiva *u*, pouco frecuente en UUFF en lingua española, xa que, aínda que as anomalías ou restricións fraseolóxicas son posibles, frecuentes e en ocasións definitivas (Burger 1998: 20-25; Grünewal 2012: 102-103), *un día u otro* non presenta trazos mnemotécnicos (cf. Burger 1973: 55), imprescindibles para favorecer a reprodución dunha UF dada e, polo tanto, a súa pervivencia.

(18) **TO** *Io a questa una volta o l'altra la faccio secca, fa la Nadia.* (MSCB, 162)

TD2 *Yo a ésta un día u otro la dejo en el sitio, dice Nadia.* (MSCB, 215)

3. Conclusións

O estudo da novela de Rossana Campo *Mai sentita così bene* e das súas dúas traducións publicadas ata hoxe demostrou ser un terreo idóneo para a análise das locucións adverbiais italianas e a súa tradución ás linguas alemá e española. En primeiro lugar, a extracción das locucións presentes no TO deu como resultado a identificación de 122 locucións, que aparecen nun total de 414 ocasións. O exame destas locucións do TO, pola súa parte, leva a conclusións interesantes. Deste xeito, pódese apreciar como as locucións máis empregadas por Campo se presentan practicamente desprovistas de significado —é paradigmático o caso de *un po'*— e axudan á caracterización do TO como texto coloquial, mentres que as que se empregan en menos ocasións se utilizan coa finalidade de daren sentido á narración, aínda que mantendo o ton informal. Esta división interna afectará moito as estratexias de tradución empregadas polos tradutores das dúas versións, a alemá e a española.

Da análise dos procedementos de tradución que se estudaron aquí, tanto indirectos —*équivalence*, paráfrase e omisión— como directos —préstamo, calco, *pseudoéquivalence*—, extráense resultados relevantes: en primeiro lugar, o predominio absoluto dos procedementos indirectos sobre os directos, de forma que estes son case anecdóticos nos dous TD, aínda que non deixan de presentar casos rechamantes. Igualmente,ponse de manifesto que o

⁶⁴ 'prima o poi', ZIN.

⁶⁵ 'para expresar la prontitud con que se espera un suceso', DRAE.

⁶⁶ 'Cuando menos se piensa', DFEM.

⁶⁷ 'Cualquier día imprevisto', DFEA.

⁶⁸ 'Necesariamente alguna vez', DFEA.

préstamo, con ausencia total de casos nas dúas traducións, non é un procedemento habitual na tradución de locucións adverbiais neste tipo de textos. Ao contrario do expresado por Casares –“La traducción es una aduana por la que pasa, si los oficiales no están alertas, más contrabando de expresiones extranjeras que por cualquier otra frontera lingüística” (Casares, citado en Vázquez-Ayora 1977: 393)–, non parece que ningún dos procedementos indirectos supoña unha vía de entrada de neoloxismos no que ás locucións adverbiais se refire. Coidamos, por outra parte, que non afecta á tradución de locucións adverbiais esa falta de precisión que achacan Ettinger (2007: 897), Torrent-Lenzen (2008: 1435; 2009: 535-536) e Torrent-Lenzen e Uría Fernández (2009: 19-20), entre outros, aos repertorios lexicográficos á hora de definiren as UUFF en xeral e as locucións en particular; e para isto baseámonos na incidencia no TD1 e no TD2 dos tres procedementos directos. Tan escasa incidencia considerámola sinal, dunha parte, da adecuada competencia fraseolóxica, activa ou non, dos seus dous tradutores e, doutra, de que, agás excepcións, non urxen incorporacións ao catálogo de locucións adverbiais do alemán ou do español por atopárense ben definidas e asentadas e, probablemente como consecuencia disto, adecuadamente rexistradas nos repertorios lexicográficos, coa salvedade de que o límite entre locucións adverbiais e verbais non resulta claro nalgúns casos.

O exame en profundidade dos procedementos indirectos, pola súa banda, presenta diferenzas moi acusadas en función do TD que se analice. Desta forma, no texto español os procedementos máis empregados son, por esta orde, a *équivalence*, a paráfrase e a omisión. A priori, estes datos non presentan elementos chamativos, xa que a *équivalence* adoita ser o procedemento máis empregado, e a incidencia dos dous procedementos restantes –sobre todo a omisión– non é digna de destacar. No caso do texto alemán advírtese un nada frecuente predominio da paráfrase, seguido da equivalencia e, a maior distancia, da omisión. Este predominio da paráfrase, como se puido ver, afecta a expresividade do TD1, o que, unido ao maior recurso á omisión, fai que a perda de información sexa en ocasións clamorosa. Entre as razóns para esta discrepancia entre o TD1 e o TD2 apuntamos as particularidades sintácticas e morfolóxicas das linguas, así como a distancia existente entre o alemán e o italiano, maior que entre o italiano e o español, pero, sobre todo, a competencia fraseolóxica dos seus tradutores: o estudo do TD2 permite ver que Zamora Muñoz, polos seus coñecementos fraseolóxicos, traduce as UUFF de forma sistemática, mentres que en Genzler, tradutor do TD1, advírtese unha maior intuición á hora de abordar a súa tradución, o que, en ocasións e curiosamente, produce resultados positivos.

Noutra orde de cousas, apréciase que a *équivalence* non garante o éxito na tradución de UUFF –este procedemento non sempre é positivo, especialmente en textos coloquiais–, pero si consegue un índice de acerto maior que con outros procedementos. A paráfrase, na liña do expresado por Newmark (1988: 112), demostrou ser un bo recurso cando a *équivalence* dá como resultado traducións que non encaixan na situación informal ou conversacional que se narra no TO, pero o seu abuso, unido á presenza da omisión –téñase en conta que, cunha análise no nivel da oración, no TD1 o 61,83% das locucións adverbiais do TO ou están omitidas ou se traduciron mediante paráfrase–, deriva nunha homoxeneización excesiva, e isto constitúe un dos deméritos da tradución alemá. Dicimos

homoxeneización porque, ademais das perdas de información, o texto resultante é menos expresivo e está menos marcado diafásicamente. Desta perda de información, pensamos, son conscientes tanto o tradutor do TD2 como, sobre todo, o do TD1, posto que se advirte unha preocupación por parte dos dous de que o léxico empregado en todos os procedementos, mesmo na *pseudoéquivalence*, sexa marcadamente coloquial; idéntica razón, na nosa idea, xustifica o feito do emprego de partículas modais maiormente no TD1, que trascende a equivalencia sintáctica e fraseolóxica e axuda a mitigar, polo menos en parte, a perda de expresividade e coloquialidade aludida.

Por último, cómpre destacar que non hai unha norma única que sexa de aplicación en todo momento para abordar correctamente a tradución de locucións adverbiais nun texto coloquial. A este respecto, concordamos con Larson, que indica que cómpre que o tradutor “develop a sensitivity to the use of idioms in the receptor language and use them naturally to make the translation lively and keep the style of the source language” (Larson 1984: 116). Polo tanto, cómpre que os tradutores atopen o equilibrio entre os distintos procedementos de tradución, o que supón deixar atrás unha tradución en ocasións un tanto encorsetada, a ofrecida no TD2, na que se aplica, se se admite o similar, o *ollo por ollo* fraseolóxico –a cada locución adverbial no TO correspóndelle outra no TD– e reducir o recurso excesivo á paráfrase e omisión do TD1, polas evidentes perdas que isto supón.

Apéndice. Locucións adverbiais rexistradas no TO

No seguinte listado figuran as locucións adverbiais rexistradas no TO de MSCB, agrupadas segundo o número de veces que aparecen e con idéntica grafía á empregada por Campo no orixinal italiano (*madonna, dio*).

10 ou máis aparicións

un po' (73)

in giro (30)

di nuovo (18)

sul serio (15)

ogni tanto (10)

9 aparicións

da matti

una volta

8 aparicións

di merda

un casino

7 aparicións

da morire

in fondo

tra l'altro

6 aparicións

a tutt'andare

della madonna

di più

per niente

5 aparicións

a occhio e croce

alla fine

in più

per dire

4 aparicións

a momenti

a posto

in piedi

per ora

un attimo

3 aparicións

a pezzi

a piedi

alla grande

che non ti dico

da impazzire

di colpo

in fretta

in pratica

per caso

più o meno

tutt'intorno

una volta tanto

2 aparicións

a memoria

a tutto spiano

al momento

all'inizio

all'insù

all'orecchio

ben bene

come si deve

con la bava alla bocca

<i>con la bocca aperta</i>	<i>a stento</i>	<i>in anticipo</i>
<i>da favola</i>	<i>a testa</i>	<i>in blocco</i>
<i>da spararsi</i>	<i>a tiro</i>	<i>in braccio</i>
<i>da un momento all'altro</i>	<i>a turno</i>	<i>in continuazione</i>
<i>del cazzo</i>	<i>al volo</i>	<i>in evidenza</i>
<i>di brutto</i>	<i>alla disperata</i>	<i>in faccia</i>
<i>di corsa</i>	<i>all'impazzata</i>	<i>in giù</i>
<i>di meno</i>	<i>allo scoperto</i>	<i>in grande</i>
<i>d'ora in poi</i>	<i>col cavolo</i>	<i>in miniatura</i>
<i>in coro</i>	<i>come dio comanda</i>	<i>in pieno</i>
<i>in genere</i>	<i>con l'occhio sgranato</i>	<i>in realtà</i>
<i>in paranoia</i>	<i>contro natura</i>	<i>in ritardo</i>
<i>in quattro e quattr'otto</i>	<i>da capo</i>	<i>in tutto</i>
<i>per aria</i>	<i>da non dire</i>	<i>nel frattempo</i>
<i>per filo e per segno</i>	<i>da presa per il culo</i>	<i>nemmeno morto</i>
<i>su di giri</i>	<i>da stenderti secca</i>	<i>per bene</i>
<i>un mondo</i>	<i>dalla mattina alla sera</i>	<i>per forza</i>
<i>un sacco</i>	<i>dall'alto in basso</i>	<i>per le lunghe</i>
1 aparición	<i>davanti ai tuoi occhi</i>	<i>per modo di dire</i>
<i>a cazzo</i>	<i>del cavolo</i>	<i>per niente al mondo</i>
<i>a dirotto</i>	<i>di fronte</i>	<i>per una volta</i>
<i>a pecorina</i>	<i>di nascosto</i>	<i>tutt'al più</i>
<i>a proprio agio</i>	<i>di scatto</i>	<i>una merda</i>
<i>a ripetizione</i>	<i>di traverso</i>	<i>una volta o l'altra</i>
<i>a smorzacandela</i>	<i>d'un fiato</i>	<i>una volta per tutte</i>
<i>a squarciagola</i>	<i>fino in fondo</i>	

4. Referencias bibliográficas

- BAKER, Mona (1992): *In other words: A coursebook on Translation*. Londres / Nueva York: Routledge.
- BEINHAEUER, Wener (1991/1964³): *El español coloquial*. Madrid: Gredos.
- BERLIN-BRANDENBURGISCHE AKADEMIE DER WISSENSCHAFTEN (2013): *Digitale Wörterbuch der deutschen Sprache*. [<http://www.dwds.de/>]. [Data de consulta: 26.07.2013].
- BERRETTA, Monica (1993): “Morfología” en SOBRERO, Alberto A. (a cura di): *Introduzione all'italiano contemporaneo. Le strutture*. Roma / Bari: Laterza; 193-245.
- BERRUTO, Gaetano (1985): “Per una caratterizzazione del parlato: l'italiano parlato ha un'altra grammatica?” en HOLTUS, Günter e RADTKE, Edgar (eds.): *Gesprochenes Italienisch in Geschichte und Gegenwart*. Tübingen: Narr.; 120-153.
- BO, Mariagiuseppina (1995): “Rossana: dalle pagine al set” en *La Nazione* (12.9.1995; 10).

- BRIZ, Antonio (coord.) (1995): *La conversación coloquial (materiales para su estudio)*. (Anexo XVI de *Cuadernos de Filología*). Valencia: Universidad.
- (1996a): *El español coloquial: situación y uso*. Cuadernos de Lengua Española. Madrid: Arco Libros.
- (1996b): “Los intensificadores en la conversación coloquial” en BRIZ, Antonio; GÓMEZ, José e MARTÍNEZ, M.^a José; Grupo Val.Es.Co. (eds.): *Pragmática y gramática del español hablado. Actas del II Simposio sobre análisis del discurso oral*. Valencia: Universidad / Pórtico; 13-36.
- (2001/1998): *El español coloquial en la conversación: esbozo de pragmatogramática*. Ariel Lingüística. Barcelona: Ariel, 1998¹.
- BURGER, Harald (1973): *Idiomatik des Deutschen*. Germanistische Arbeitshefte 16. Tübingen: Max Niemeyer.
- (1998): *Phraseologie. Eine Einführung am Beispiel des Deutschen*. Berlin: Erich Schmidt.
- CAMPO, Rossana (1997): *Lippenstift und Ladyshave* (trad. de Hilde BRUNOW, seud. [Bruno GENZLER]). München: Wilhem Goldmann.
- (1999): *Nunca me he sentido tan bien ~ Mai sentita così bene* (trad. de Pablo Zamora Muñoz). Biblioteca Italiana. Murcia: Diego Marín.
- (2002/1996): *Mai sentita così bene*. Universale Economica. Milano: Giangiacomo Feltrinelli, 1996¹⁰.
- COLASANTI, Arnaldo (1993): “Scrivere un libro non vuol dire fare un carosello di luoghi comuni” en *Avanti!* [?] (30.7.1993).
- CONTE, Giulio (2000): *Lo stile di Rossana Campo: un’analisi lingüística*. Berlin: Freie Universität Berlin (memoria de licenciatura [Magister-Hausarbeit] inédita).
- CORPAS PASTOR, Gloria (2000a): “Acerca de la (in)traducibilidad de la fraseología” en CORPAS PASTOR, Gloria (ed.): *Las lenguas de Europa: Estudios de fraseología, fraseografía y traducción*. Granada: Comares; 483-522.
- (2000b): “Fraseología y traducción” en SALVADOR, Vicent e PIQUER, Adolfo (eds.): *El discurs prefabricat: Estudis de fraseologia teòrica i aplicada*. Castellón de la Plana: Universitat Jaume I; 107-138.
- (2001a). “La creatividad fraseológica: efectos semántico pragmáticos y estrategias de traducción” en *Paremia* 10, 2001; 67-77.
- (2001b): “La traducción de unidades fraseológicas: técnicas y estrategias” en DE LA CRUZ CABANILLAS, Isabel; TEJEDOR MARTÍNEZ, Cristina e VALERO GARCÉS, Carmen (eds.): *La lingüística aplicada a finales del siglo XX. Ensayos y propuestas*, vol 2. Alcalá de Henares: Universidad; 779-787.
- CORPAS PASTOR, Gloria e LEIVA ROJO, Jorge (2005): “La oralidad del discurso escrito: la traducción de unidades fraseológicas en *Während meine Schöne schläft*”, LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *La creatividad en el lenguaje: colocaciones idiomáticas y fraseología*. Granada: Atrio; 41-56.
- DAVIES, Mark. (2002): *Corpus del español*. [<http://www.corpusdelespanol.org>]. [Data de consulta: 26.7.2013].

- DEUTSCHER WORTSCHATZ (2012): *Wortschatz Universität Leipzig* [<http://corpora.informatik.uni-leipzig.de/?dict=de>]. [Data de consulta: 26.7.2013].
- DFEA = SECO, Manuel; ANDRÉS, Olimpia e RAMOS, Gabino (2004): *Diccionario fraseológico documentado del español actual: locuciones y modismos españoles*. Madrid: Aguilar Lexicografía; 1084 páxs.
- DFEM = VARELA, Fernando e KUBARTH, Hugo (1994): *Diccionario fraseológico del español moderno*. Madrid: Gredos; 296 páxs.
- DISC = SABATINI, Francesco e COLETTI, Vittorio (1997): *DISC. Dizionario Italiano Sabatini Coletti*. Florencia: Giunti.
- DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij e PIIRAINEN, Elisabeth (2009): *Zur Theorie der Phraseologie. Kognitive und kulturelle Aspekte*. Tübingen: Stauffenburg.
- DRAE = REAL ACADEMIA ESPAÑOLA (2001): *Diccionario de la lengua española*. 22.^a ed. Madrid: Real Academia Española / Espasa Calpe.
- DUD = DUDEN (2001): *Duden Deutsches Universalwörterbuch*. 4.^a ed. revisada y ampliada. Mannheim / Wien / Zürich: Dudenverlag.
- DUD11 = DROSDOWSKI, Günther e SCHOLZE-STUBENRECHT, Werner (1992): *Duden: Redewendungen und sprichwörtliche Redensarten*, vol. 11. Mannheim / Leipzig / Wien / Zrich: Dudenverlag.
- DUE = MOLINER, María (2007): *Diccionario de uso del español*. 4.^a ed., 2 vols. Madrid: Gredos.
- ETTINGER, Stefan (2007): "Phraseme im Fremdsprachenunterricht" en BURGER, Harald; DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij; KÜHN, Peter e NORRICK, Neal R. (eds.): *Phraseologie — Phraseology. Ein internationales Handbuch zeitgenössischer Forschung — An international handbook of contemporary research*, vol. 2. Berlin/New York: DeGruyter; 893-908.
- FIEHLER, Reinhard; BARDEN, Birgit; ELSTERMANN, Mechthild e KRAFT, Barbara (2004): *Eigenschaften gesprochener Sprache*. Studien zur deutschen Sprache 30. Tübingen: Gunter Narr.
- FLEISCHER, Wolfgang; HELBIG, Gerhard e LERCHNER, Gotthard (eds.) (2001): *Kleine Enzyklopädie – Deutsche Sprache*. Frankfurt am Main / Berlin / Bera / Brussel / New York / Wien: Peter Lang.
- GAR = PALOTA, Giuseppe (dir.) (2007): *Il grande dizionario Garzanti della lingua italiana*. Milano: Garzanti Linguistica.
- GARCÍA-PAGE, Mario (2007): "Esquemas sintácticos de formación de locuciones adverbiales" en *Moenia* 13; 121-144.
- GLOSBE = *Glosbe - das mehrsprachige Online-Wörterbuch* [<http://de.glosbe.com/de/es/in%20die%20Kiste%20springen>] [Data de consulta: 26.7.2013].
- GRÜNEWAL, Mathias (2012): "Phraseologie und Phraseodidaktik (1)" en *The Annual Report on Cultural Science* 137, 2012; 85-136.
- HOLTUS, Günter e RADTKE, Edgar (eds.) (1985): *Gesprochenes Italienisch in Geschichte und Gegenwart*. Tübingen: Narr.

- KOLLER, Werner (1994). “Phraseologismen als Übersetzungsproblem” en SANDIG, Barbara (ed.): *Europhras 92: Tendenzen der Phraseologieforschung*. Bochum: N. Brockmeyer; 351-373.
- KOLLER, Werner (2007). “Probleme der Übersetzung von Phrasemen” en BURGER, Harald; DOBROVOL’SKII, Dmitrij; KÜHN, Peter e NORRICK, Neal R. (eds.): *Phraseologie — Phraseology. Ein internationales Handbuch zeitgenössischer Forschung — An international handbook of contemporary research*, vol. 1. Berlin/New York: DeGruyter; 605-613.
- LAN = GÖTZ, Dieter; HAENSCH, Günter e WELLMANN, Hans (coords.) (2003): *Langenscheidt Großwörterbuch Deutsch als Fremdsprache*. Berlin / München / Wien / Zürich / New York: Langenscheidt.
- LARSON, Mildred L. (1984): *Meaning-based translation. A guide to cross-language equivalence*. Lanham / New York / London: University Press of America.
- LEIVA ROJO, Jorge. (2005): *La recepción de la obra de Rossana Campo en España y Alemania: la traducción de los componentes oral y fraseológico de Mai sentita così bene*. Tese de doutoramento.
- MENA MARTÍNEZ, Florentina (2003): “En torno al concepto de desautomatización fraseológica: aspectos básicos” en *Tonos Digital 5*. [<http://www.um.es/tonosdigital/znum5/estudios/H-Edesautomatizacion.htm>]. [Data de consulta: 26.7.2013].
- MOLINA PLAZA, Silvia (2004): “La traducción de las unidades fraseológicas inglés-español: el caso de las colocaciones y las frases idiomáticas” en GONZÁLEZ, Luis e HERNÚÑEZ, Pollux (eds): *Las palabras del traductor: Actas del II Congreso «El español, lengua de traducción». 20 y 21 de mayo, 2004. Toledo*. Brussel: Esletra.
- (2008): “Puntos de contacto e diferenza: a tradución de expresións idiomáticas e refráns metafóricos e metonímicos” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega 10*, 2008; 207-219.
- MOTALLEBZADEH, Khalil e TOUSI, Seika (2011): “Employing compensation strategy in translation of idioms: A case study of the translation of Mark Twain’s *Adventures of Huckleberry Finn* in persian” en *International Journal of Linguistics*, 3(1), 2011; 1-9.
- NARBONA JIMÉNEZ, Antonio (2000): “Sintaxis coloquial” en ALVAR, Manuel (dir.): *Introducción a la Lingüística española*. Ariel Lingüística. Barcelona: Ariel; 463-478.
- NEWMARK, Peter (1988): *A textbook of translation*. Nueva York: Prentice Hall.
- PAR = Baiotto, Elena (al cuidado de) (2005): *Espasa Paravia. Il dizionario spagnolo/italiano italiano/spagnolo*. Torino: Paravia.
- PASTOR LARA, Alejandro (2010): “Unidades fraseológicas especializadas e tradución” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega 12*, 2010; 195-208.
- PAYRATÓ, Lluís (1996): “Variación lingüística y modalidades de la lengua oral” en BRIZ, Antonio; GÓMEZ, José e MARTÍNEZ, M.ª José; Grupo Val.Es.Co. (eds.):

- Pragmática y gramática del español hablado. Actas del II Simposio sobre análisis del discurso oral.* Valencia: Universidad / Pórtico; 177-192.
- PONS = PONS (2005): *Großwörterbuch Spanisch-Deutsch Deutsch-Spanisch.* Barcelona: Ernst Klett.
- QUITOUT, Michel (2009): “Traduci-los refráns. Elementos de tradutoloxía” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 11, 2009; 163-171.
- REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: *Banco de datos (CREA)* [<http://corpus.rae.es/creanet.html>]. [Data de consulta: 26.7.2013].
- RECANATI, Maso (2001): “Fuori di cuore” en *Gazzetta di Parma*. 23.9.2001; 21.
- RUIZ QUEMOUN, Fernande (2011): “O espazo da tradución das expresións idiomáticas na clase de FLE (Francés como lingua estranxeira)” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 13, 2011; 263-277.
- RUIZ, Leonor (1998): *La fraseología del español coloquial.* Ariel Practicum. Barcelona: Ariel.
- SABATINI, Francesco (1985): “L’italiano dell’uso medio. Una realtà tra le varietà linguistiche italiane” en HOLTUS, Günter e RADTKE, Edgar (eds.): *Gesprochenes Italienisch in Geschichte und Gegenwart.* Tübingen: Gunter Narr; 154-184.
- SCHWITALLA, Johannes (2003/1997): *Gesprochenes Deutsch. Eine Einführung.* Grundlagen der Germanistik 33. Berlin: Erich Schmidt, 1997².
- SEVILLA MUÑOZ, Julia (2004): “O concepto ‘correspondencia’ na tradución paremiolóxica” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 6, 2004; 221-229.
- SIMONE, Raffaele (1993): “Stabilità e instabilità nei caratteri originali dell’italiano” en SOBRERO, Alberto A. (a cura di): *Introduzione all’italiano contemporaneo. Le strutture.* Roma / Bari: Laterza; 41-100.
- SLA = SLABÝ, Rodolfo J.; GROSSMAN, Rodolfo e ILLIG, Carlos (1989): *Diccionario de las lenguas española y alemana*, vol. 2, 9.^a ed. Barcelona: Herder.
- SUBIRATS, Carlos; ORTEGA, Marc (2012): *Corpus del español actual* [<http://sfncorpora.uab.es/CQPweb/cea/>]. [Data de consulta: 26.7.2013].
- TORRENT-LENZEN, Aina (2008): “Aspectos de fraseografía bilingüe español-alemán: la equivalencia frente a la definición” en BERNAL GALLÉN, Elisenda e DECESARIS WARD, Janet (eds.): *Proceedings of the XIII Euralex International Congress (Barcelona, 2008).* Barcelona: Institut Universitari de Lingüística Aplicada; 1433-1443.
- (2009) : “Internet: reto y revolución. Las definiciones de las locuciones en los diccionarios y su verdadero significado fraseológico” en CANTOS GOMEZ, Pascual e SÁNCHEZ PÉREZ, Aquilino (eds.): *Panorama de investigaciones basadas en corpus.* Murcia: Asociación Española de Lingüística del Corpus; 534-547.
- TORRENT-LENZEN, Aina e URÍA FERNÁNDEZ, Lucía (2009): “Los niveles de significado recto y traslaticio en el *Diccionario fraseológico documentado del español actual* de Seco *et al*” en *Lingüística en la Red (LinRed)* 5, 2009; 1-24. [http://www.linred.es/articulos_pdf/LR_articulo_28012009.pdf].

- VÁZQUEZ-AYORA, Gerardo (1977): *Introducción a la traductología*. Washington, D. C.: Georgetown University Press.
- ZAMORA MUÑOZ, Pablo (1999): “Otro intento de clasificación y delimitación de unidades fraseológicas italianas” en LADRÓN DE GUEVARA, Pedro Luis; ZAMORA, Antonio Pablo e MASCALI, Giuseppina (eds.): *Homenaje al profesor Trigueros Cano*, vol. 2. Murcia: Universidad; 733-750.
- (2005): “Fraseología periférica e non solo” en ALMELA, R.; RAMÓN TRIVES; E. e WOTJAK, G. (eds.): *Fraseología contrastiva. Con ejemplos tomados del alemán, español, francés e italiano*. Murcia: Universidad; 65-80.
- ZIN = ZINGARELLI, Nicola (2008/1922): *Lo Zingarelli 2009. Vocabolario della lingua italiana di Nicola Zingarelli*. Bologna: Zanichelli, 1922¹².
- ZULUAGA, Alberto (1999): “Traductología y fraseología” en *Paremia* 8, 1999; 537-549.